

# Universidade de Vigo

## Campus de Ourense

# Diplomatura en CIENCIAS EMPRESARIAIS

CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

## DIPLOMATURA EN CIENCIAS EMPRESARIAIS

Esta titulación está encadrada dentro da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas. Sobre todo céntrase no estudo da comercialización, financiamento, contabilidade e xestión das empresas. Reciben unha formación moi global, polo que cobre todas as áreas que pode ter unha empresa na súa xestión diaria. As materias en que se centra esta titulación son a macroeconomía, a microeconomía, a contabilidade e matemáticas, sen esquecer o dereito do traballo e o dereito fiscal. Estes estudos preparan cadros medios en xestión e administración para as empresas, así como en temas de asesoramento e financiamento, custos, exportación, vendas, compras etc. Fan enquisas, sondaxes e estudos encamiñados á xestión das accións comerciais. En fin, interveñen en todos os procesos de xestión e comercialización.

## ESTRUTURA

Estes estudos son unha diplomatura, e como tal teñen só 1º ciclo, de tres anos de duración, e unha carga lectiva total de 203,5 créditos. Non se esixe realizar un proxecto de fin de carreira. Consta de catro orientacións:

- Xestión Contable e Financeira
- Dirección de Empresas e Mercadotecnia
- Xestión Internacional da Empresa
- Administración de Empresas

## MERCADO DE TRABALLO

Esta é unha carreira con moitas saídas, xa que as empresas e a economía son o motor da sociedade. Tamén buscan traballo noutras áreas diferentes incluso por conta propia, realizando proxectos e traballos para empresas que os encargan, sen ser traballadores fixos delas, ben sexa para asesoramento ou planificación económica, tanto administrativa como contable. Estes titulados poden traballar na empresa en postos de xestor comercial, xefe de administración, director de sucursal bancaria, xerente de empresa, xefe de finanzas etc. Tamén se poden dedicar á docencia.

## ACCESO

A estes estudos pódese acceder desde:

- Opción A) Científico-Tecnolóxica de COU
- Opción B) Biosanitaria de COU
- Opción C) Ciencias Sociais de COU
- Modalidade 1) Científico-Técnica do bacharelato LOXSE
- Modalidade 2) Ciencias da Saúde do bacharelato LOXSE
- Modalidade 4) Ciencias Sociais do bacharelato LOXSE
- FP 2 rama Administrativa e Comercial (A-U)
- FP 2 rama Administrativa e Comercial (V-X)
- FP 2 rama de Hostalaría e Turismo (todas as esp.)
- FP 2 rama de Perruquaría e Estética (B)
- M. prof. de nivel III da rama Administrativa e Comercial (A-L)
- M. prof. de nivel III da rama Hostalaría e Turismo (todas as esp.)
- C. form. de grao sup. da rama de Administración (todas as esp.)
- C. form. de grao sup. da rama de Comercio e Mercadotecnia (todas as esp.)
- C. form. de grao sup. da rama de Hostalaría e Turismo (todas as esp.)
- C. form. de grao sup. da rama de Imaxe Persoal (A)
- C. form. de grao sup. da rama de Informática (todas as esp.)

## PASARELAS

Desde esta titulación pódese acceder directamente a:

- Licenciatura en Ciencias Actuariais e Financeiras

Desde esta titulación pódese acceder, cursando uns complementos de formación a:

- Licenciatura en Investigación e Técnicas de Mercado
- Licenciatura en Ciencias e Técnicas Estatísticas
- 2º ciclo de Economía
- 2º ciclo de Administración e Dirección de Empresas

## PRIMEIRO CURSO

Disciplinas	Tipo	Créditos
Contabilidade financeira	T	12
Economía política	T	6
Estatística	T	9
Introdución á economía da empresa	T	6
Introdución ao dereito empresarial	T	4.5
Matemáticas I	T	4.5
Matemáticas II	T	4.5
Historia económica mundial	O	4.5
Idioma empresarial-comercial I: francés *	O	4.5
Idioma empresarial-comercial I: inglés *	O	4.5
Socioloxía da empresa	O	4.5

\* a elección do alumno

## SEGUNDO CURSO

Disciplinas	Tipo	Créditos
Dereito laboral	T	4.5
Dereito tributario	T	4.5
Dirección comercial I	T	4.5
Dirección comercial II	T	4.5
Economía española e mundial	T	6
Informática aplicada á xestión da empresa	T	6
Matemáticas financeiras	T	6
Organización e administración de empresas	T	9
Organización e planificación económico-financieira da empresa I	T	4.5
Organización e planificación económico-financieira da empresa II	T	4.5
Contabilidade de sociedades	O	4.5
Optativas xerais (unha materia)	OX	4.5

## TERCEIRO CURSO

Disciplinas	Tipo	Créditos
Contabilidade de custos	T	9
Dirección de empresas	O	6
fiscalidade da empresa	O	4.5
Prácticum	O	4.5
Materias de orientación	OP	27
Optativas xerais (dúas materias)	OX	9
Libre elección	LE	20.5

## Orientación 01: Xestión contable e financeira

Disciplinas	Tipo	Créditos
Análise de estados financeiros	OP	6
Auditoría da empresa	OP	6
Sistema fiscal español e comparado	OP	4.5
Sistemas contables informatizados	OP	4.5
Xestión do sistema financeiro	OP	6

## Orientación 02: Dirección de empresas e mercadotecnia

Disciplinas	Tipo	Créditos
Dirección e xestión da innovación tecnolóxica e industrial	OP	4.5
Estratexias de distribución	OP	6
Publicidade e outras ferramentas de comunicación comercial	OP	6
Técnicas operativas estatísticas	OP	6
Xestión de recursos humanos	OP	4.5

## Orientación 03: Xestión internacional da empresa

Disciplinas	Tipo	Créditos
Contabilidade internacional	OP	4.5
Dirección internacional de empresas	OP	4.5
Economía industrial	OP	4.5
Historia das institucións económicas internacionais	OP	4.5
Idioma estranxeiro e relacións intern. empresa: francés *	OP	4.5
Idioma estranxeiro e relacións intern. empresa: inglés *	OP	4.5
teoría do comercio internacional	OP	4.5

\* a elección do alumno.

## Orientación 04: Administración de empresas

Disciplinas	Tipo	Créditos
Análise contable	OP	7.5
Creación e viabilidade de empresas	OP	4.5
Planificación comercial	OP	4.5
Planificación fiscal	OP	6
Técnicas de análise económica	OP	4.5

Nota: aqueles alumnos que non opten por algunha das orientacións deberán cursar os 40,5 créditos optativos entre materias optativas, xa sexan de orientación ou xerais.

### Outorgaranse 34 créditos de libre elección por:

Prácticas en empresas, institucións públicas ou privadas etc. Traballos académicos dirixidos e integrados no plan de estudos. Estudos realizados no marco de convenios internacionais subscritos pola universidade.

Outras actividades: cursos, seminarios, escolas oficiais de idiomas e conservatorios superiores e profesionais de música.

- T** Troncal                      **OX** Optativa xeral  
**O** Obrigatoria                **LE** Libre elección  
**OP** Optativa obrigatoria

### Ficha

Titulación	Diplomatura en ciencias empresariais
Centro	Facultade de ciencias empresariais e turismo.Ourense
Ensinanzas	Segundo ciclo
Nº de anos académicos	3
Curso de implantación	01/02
Data do B.O.E.	04/12/01

### Créditos totais

Troncais	Obrigatorios	Optativos	Libre config.	Trab. fin. carr.	Totais
109.5	33	40.5	20.5	Non	203.5

### Información

Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo  
Campus de Ourense. As Lagoas  
32004 Ourense  
Tfno: 988 368 700 Fax: 988 388 923  
Correo electrónico: sdfceou@uvigo.es

### Servizo de Extensión Universitaria. Sección de información (SIOPE)

Edificio Miralles - Praza de Enric Miralles  
Campus de Vigo  
36310 Vigo (Pontevedra)  
Tfno. 986 813 630/ 755 Fax. 986 813 639  
Correo electrónico: siope@uvigo.es  
www.uvigo.es